

- 10.—Apróbbase a certificación nº2 da obra: “Campo de herba artificial en Monte Carrasco (Pontevedra)”
- 11.—Apróbbase a certificación nº1 da obra: “Mellora da capa de rodamento na E.P. 0017 Bao-Campañó (Pontevedra)”
- 12.—Apróbbase a certificación nº12 da obra: “Pousada en Armenteira (Meis)”
- 13.—Apróbbase a certificación nº1 da obra: “Adecuación do espazo anexo á pousada de Ribadumia como centro deportivo e de ocio, así como de dotación de accesos deste espazo coa propia pousada (Ribadumia)”
- 14.—Acórdase a revisión de prezos do contrato de servizos formalizado coa empresa Sequor Seguridade, S.A. para a seguridade e vixilancia da Cidade Infantil Príncipe Felipe.
- 15.—Préstase conformidade ó informe en relación coas estradas provinciais sobre modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Sanxenxo.
- 16.—Rogos e preguntas: Non houbo.

Pontevedra, a 21 de setembro de 2012.—O Secretario Xeral, Carlos Cuadrado Romay. **2012009017**

E D I C T O

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de setembro de 2012, acordou, por unanimidade, aceptar, de conformidade co previsto no artigo 7.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a delegación que, en materia de recursos locais realizou o Concello de Crecente, por acordo do Pleno de data, 26 de xullo de 2012 e seguindo o establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 7 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, para que a Deputación Provincial de Pontevedra exerza as facultades de recaudación en vía executiva das multas coercitivas

A citada delegación será levada a cabo polo Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais (ORAL).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pontevedra, a 24 de setembro de 2012.—O presidente, ilexible.—O secretario, ilexible. **2012008996**

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DIRIXIDAS ÁS CONFRARÍAS DE PESCADORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2012

1. FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade desta convocatoria é apoiar as confrarías de pescadores da provincia no sostemento dos gastos derivados do desenvolvemento de determinados programas de fomento do sector pesqueiro, cos cales se contribúe a que acaden os obxectivos que lles son propios, segundo o disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e con cargo ó orzamento da Deputación para 2012. Convócanse os programas de subvencións que a continuación se detallan:

PROGRAMA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Subvención para actividade xeral	12/410.419.489.01	100.000 €
Subvención para infraestrutura e equipamento	12/410.415.789.02	150.000 €

As axudas poderanse referir, entre outras, ás seguintes materias:

Subvencións para infraestruturas e equipamento:

- Aplicación de novas técnicas e modernización do proceso produtivo e comercialización dos produtos do mar.
- Equipamento das lonxas nos aspectos técnico-sanitarios do persoal manipulador, instalación e utensilios de manexo e para equipamentos de oficina das confrarías.
- Equipamento e explotación do frío industrial das confrarías e lonxas.
- Vixilancia.

Subvencións para actividades:

- Realización de cursos sobre traballos relacionados co sector pesqueiro, marisqueiro e de cultivos mariños.
- Pagamento do persoal das confrarías.

Estas axudas serán compatibles con outras que teñan os mesmos obxectivos, de tal maneira que o importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

2. SOLICITANTES

Poderán optar a estas axudas as confrarías de pescadores da provincia de Pontevedra e as federacións provinciais de confrarías de Pontevedra que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia.
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ó día nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación

3. CONDICIÓNS

- As entidades só poderán presentar unha única solicitude, ben para actividade xeral ou ben para infraestrutura e equipamento.
- A Deputación poderá conceder ata un máximo de 20.000,00 € no caso das subvencións para infraestruturas e equipamento, e de 15.000 € no caso das subvencións para actividades.
- O importe da subvención solicitada será como máximo o 80% do orzamento de gastos.

4. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados, que se facilitarán no rexistro xeral da Deputación ou no Servizo de Medio Ambiente. Así mesmo, o modelo está na páxina web da Deputación: www.depontevedra.es.

Achegarase tamén a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade e do NIF do representante.
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.
- Declaración de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración orixinal do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública, de que acepta as bases da convocatoria e de que os datos e os documentos achegados coa solicitude se axustan á realidade.

- Memoria explicativa da actividade ou investimento que se vai realizar, con mención expresa das persoas beneficiadas directa ou indirectamente. No caso de presentar unha memoria anexa, deberá estar asinada.
- Orzamento de gastos.
- Xuntarase, así mesmo, o compromiso da entidade respecto do seguinte:
 - Solicitar, polo menos, tres ofertas de distintos provedores no caso de que o gasto sexa superior a 50.000,00 € para realizar obras, ou superior a 18.000,00 € para a adquisición de equipamento ou prestación de servizos, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento calculado de gastos.

A documentación que se entregue en fotocopia terá que vir compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base deberase solucionar no prazo de dez días dende o seguinte ó da recepción do requirimento.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Deputación, en Pontevedra, ou na súa sede de Vigo e na forma establecida no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de 30 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

6. RESOLUCIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas axudas será competencia da Xunta de Goberno, co ditame previo da Comisión Informativa de Pesca e Asuntos Mariños.

Non obstante, o órgano competente poderá resolver, ó longo do exercicio orzamentario, as solicitudes que, por circunstancias imprevisibles e excepcionais, non se presentasen no prazo sinalado, reservándose para estes efectos a Presidencia ata un 20% do crédito destinado a estas axudas para a súa concesión directa, tal e como se establece na base 25.2ª das de execución do vixente orzamento provincial.

6.1 VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: ata 20 puntos.
- Coeficiente de financiamento derivado da solicitude: ata 35 puntos.
- Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ó interese provincial: ata 30 puntos.
- Emprego da lingua galega na realización das actividades: ata 5 puntos.

6.2 NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN

A resolución de concesión deberase notificar expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna.

Contra o rexeitamento expreso ou presunto das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.



7. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

7.1 PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

As actividades obxecto de subvención deberán estar executadas antes do 30 de abril de 2013 e xustificadas antes do 31 de xullo dese ano.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de 3 meses logo da solicitude e do acordo de prórroga expresos.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado) requirirase ó beneficiario para a súa presentación (art. 70 do Regulamento de subvencións). Non presentala, no prazo de 15 días desde o requirimento, dará lugar a que por resolución da Presidencia se inicie o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselles á entidade e á Intervención provincial para a súa anotación contable.

7.2 DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

1. Conta xustificativa dos gastos, asinada polo representante legal da entidade, na que se determine o custo ou gasto total da finalidade subvencionada.
2. Xustificación con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.
3. Certificación do técnico da confraría conforme as accións obxecto do proxecto se realizaron cumprindo as condicións impostas na concesión da axuda.
4. Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da Deputación da actividade ou investimento subvencionado (declaración responsable do representante).
5. Relación detallada das axudas económicas concedidas por outras administracións públicas, con este mesmo fin, para cumprir o establecido no artigo 72.1 do regulamento da Lei xeral de subvencións.
6. Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra; isto determinarao de oficio a propia Deputación a través do Servizo provincial de Intervención. Así mesmo, esixirase non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, tal e como prevé a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

7.3 TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

Unha vez vista a documentación xustificativa o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase a pagar a subvención.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente darase un prazo de 10 días para a súa corrección.

Para valorar que se cumpre a finalidade básica da subvención e para o seu pagamento terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique o gasto inferior ó 100% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención, mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe total dos gastos acreditados.

O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta sinalada pola entidade.

**8. RÉXIME SANCIONADOR**

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta e demais lexislación de desenvolvemento.

9. DEREITO SUPLETORIO

Para o non previsto nestas bases aplicaranse as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, de 18/11/03) e demais lexislación de desenvolvemento.

Pontevedra, a 26 de setembro de 2012.—A Xefa do Servizo de Medio Ambiente, Concepción López Paz. **2012008997**

**BASES REGULADORAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES
DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2012**

A situación económica actual representa un gran reto para a xestión dos concellos, reto que pasa pola adopción de medidas financeiras e fiscais e tamén polo necesario saneamento das contas.

O descenso que se vén producindo nos orzamentos municipais, como consecuencia da crise económica, está a provocar que moitos deles se atopen con aplicacións de gastos ás que non poden facer fronte cos orzamentos de ingresos actuais.

Esta insuficiencia non só se manifesta no capítulo de investimentos senón tamén na propia xestión administrativa diaria e no gasto corrente, que impide afrontar con suficientes medios as continuas e crecentes demandas dos veciños.

Polo tanto, a Deputación de Pontevedra, en virtude das competencias que lle atribúe a lexislación vixente e na liña de impulsar todas aquelas medidas encamiñadas a superar a etapa de crise económica que estamos a padecer na actualidade, continuará financiando investimentos necesarios para os concellos, co fin de reactivar a economía e combater a elevada taxa de destrución de emprego que se soporta na provincia como consecuencia, basicamente, da caída da demanda interior do sector privado.

Co fin de contribuír á cohesión e vertebración dos intereses comúns e estratéxicos dos veciños de dous ou máis municipios, para garantir un adecuado nivel de calidade dos servizos en toda a provincia, primarase aqueles proxectos ou investimentos de ámbito supramunicipal presentados por agrupacións de concellos, e aqueles proxectos presentados polos concellos, que se adhiran ós plans provinciais de xestión de servizos municipais, na liña que xa ven seguindo a Entidade Provincial noutros Plans

Así mesmo, atendendo á finalidade última das deputacións de contribuír ó bo funcionamento das corporacións locais, a Deputación de Pontevedra colaborará cos concellos na regularización da súa situación financeira cun programa de axudas dirixido a subvencionar os gastos correntes nos que incorren as entidades locais na súa actividade como xestores públicos, co obxectivo de acadar o maior beneficio social tanto a nivel da atención ó cidadán coma no correcto funcionamento interno.

En base ó exposto confecciónanse as seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA. NATUREZA XURÍDICA

As axudas que se concedan ó amparo desta convocatoria teñen natureza xurídica de subvención, de acordo cos criterios establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante, as entidades locais poden facer as achegas que consideren axeitadas para os seus investimentos de xeito complementario.